

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 14 de marzo de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 9 de marzo de 2023, polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paraxes de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste á cidade da Coruña, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Antecedentes:

Con data do 28 de decembro de 2022, publícase no *Diario Oficial de Galicia* número 246 o Anuncio do 19 de decembro de 2022 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paraxes de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste á cidade da Coruña, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, de clave AC/22/050.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 9 de marzo de 2023, polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paraxes de autobús situadas na Rede autonómica de Estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste á cidade da Coruña, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, que se recolle como anexo a esta resolución.



Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderá formular un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, ante a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2023

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 9 de marzo de 2023, polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paraxes de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste á cidade da Coruña, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paraxes de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste á cidade da Coruña, de clave AC/22/050.06, coas seguintes modificacións respecto do trazado sometido a información pública:

- Incorporaranse ao proxecto construtivo as dúas novas paraxes propostas polo Concello de Arteixo, ambas situadas en dominio público viario (15-005-83 Opel, sentido A Coruña, e 15-005-82 Bar Snik, sentido Arteixo).



- Non se recollerán no proxecto as paraxes que o Concello de Arteixo solicita que se supriman alegando o baixo número de usuarios ou a interferencia con outras actuacións municipais, nin as paraxes que xa ten previsto executar o Concello de Arteixo a cargo de plans e programas municipais en marcha (15-005-24-2 Galán, sentido Arteixo; 15-005-81-1 Autoescola, sentido Arteixo; 15-005-38-1 Panadería Nova, sentido A Coruña; 15-005-38-2 Panadería Nova, sentido Arteixo; 15-005-54-1 Seixeda III, sentido Arteixo; 15-005-39-1 Arteixo, sentido Carballo; 15-005-73-1 Pescanova, sentido Arteixo; 15-005-66-1 Arteixo II, sentido A Coruña; 15-005-62-1 Bloquera, sentido Carballo; 15-005-62-2 Bloquera, sentido A Coruña; 15-005-116-1 cruzamento Lañas Abaixo, sentido Carballo).

- Realizaranse os axustes nos deseños das paraxes que indican os concellos de Arteixo e da Coruña nos escritos presentados por estes durante o procedemento de información pública. Cumprindo en todo caso a normativa de aplicación e terase en conta o dominio público existente.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paraxes de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste á cidade da Coruña, de clave AC/22/050.06, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Arteixo, Carballo, Cerceda, A Coruña, Culleredo, Malpica de Bergantiños e Ponteceso, nos cales se asentán as infraestruturas obxecto do proxecto, deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación o revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e modificacións deste que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

